

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FERROL

*Convocatoria e publicación das bases reguladoras do "Premio Solidario Cidade de Ferrol 2016"*

### **BASES DO "PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL" 2016**

ARTIGO 1.- OBXECTO DO PREMIO

ARTIGO 2.- CANDIDATOS/AS

ARTIGO 3.- PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS E DOCUMENTACIÓN

ARTIGO 4.- XURADO E PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN

ARTIGO 5.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

ARTIGO 6.- ENTREGA DO PREMIO

ARTIGO 7.- DIFUSIÓN E PUBLICIDADE

ANEXOS.-

- Modelo de solicitude
- Declaración responsable
- Identificación do proxecto

#### **ARTIGO 1.- Obxecto do premio**

O Premio Solidario Cidade de Ferrol ten como obxecto principal premiar os esforzos de iniciativas e proxectos desenvolvidos no ámbito da Solidariedade, a Cooperación e o Voluntariado, facendo especial fincapé naqueles que cumpran as seguintes características:

- Posta en marcha, ampliación ou continuación de proxectos específicos de Cooperación, Voluntariado e Solidariedade, nun contexto tanto local como internacional, e son preferentes aqueles que se desenvolvan dentro do Concello de Ferrol.

O premio consistirá na entrega dun distintivo solidario e o patrocinio e divulgación do proxecto, así como unha dotación económica anual de 5.000 euros

#### **ARTIGO 2.- Candidatos/as**

Serán considerados como candidatos/as obxecto deste premio, os seguintes:

- Entidades sociais, consideradas como tal as asociacións, ONG, fundacións,...que cumpran os seguintes requisitos:
  - Estar legalmente constituídas.
  - Non ter carácter lucrativo.
  - Estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
  - Non estean incursas en causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.
  - Demostren capacidade e solvencia suficiente para desenvolver o proxecto obxecto do premio.
  - O proxecto axustarase aos obxectivos da Área de Solidariedade, Cooperación e Voluntariado.
  - Solvencia técnica da entidade.
- Persoas físicas que presenten as seguintes características:
  - Ser maior de 18 anos.
  - Estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- Non estean incursoas en causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.
- Demostren capacidade e solvencia suficiente para desenvolver o proxecto obxecto do premio.

Cada entidade ou persoa física poderá presentar ate un total de dous proxectos, e valorarase de xeito individual e independente cada un deles.

En caso de non se presentar ningunha candidatura o xurado poderá realizar propostas propias.

### **ARTIGO 3.- Presentación das candidaturas e documentación**

Abrirase un prazo de presentación de candidaturas de trinta días naturais, a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se realizarán anuncios en medios de comunicación local e na web municipal, co fin de difundilo o máximo posible.

As propostas serán entregadas no Rexistro Xeral municipal (Casa do Cóncello, praza de Armas s/n), ou a través dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A documentación a presentar con cada proposta será a seguinte:

- Solicitud (documento anexo), cos datos da entidade ou persoa
- Declaración responsable (documento anexo)
- Fotocopia de DNI ou CIF segundo corresponda
- Certificación da inscrición no rexistro municipal (entidades) ou certificado de empadramento (persoas físicas)
- Descrición do/s proxecto/s, cun máximo de seis folios por proxecto (documento anexo)

Todas as fotocopias que se acheguen ou que se consideren necesarias para a ampliación da información presentada estarán debidamente compulsadas. Esta compulsada poderá realizarse no propio Rexistro Xeral no momento de presentación da documentación.

Acompañando a copia en soporte papel terá que ser presentada outra copia en formato dixital (CD, Memoria USB, ...) que inclúa a documentación presentada en formato .doc

A entidade gañadora do Premio Solidario do ano anterior a este no poderá presentarse como candidato nesta convocatoria e, por defecto, pasará a formar parte directamente do xurado que se constituía no presente ano.

No momento da recepción, realizarase unha primeira revisión das propostas, co obxecto de comprobar que todas elas reúnen os requisitos especificados na convocatoria. Naqueles casos en que isto non ocorra, requiriráselle á entidade ou persoa solicitante, que faga unha emenda dela no prazo de dez días hábiles. En caso de non se realizar, a súa candidatura non será tida en conta.

### **ARTIGO 4.- Procedemento de valoración e xurado**

Unha vez expirado o prazo de presentación de candidaturas e emendados os posibles erros nelas, terá lugar a constitución do xurado, que estará formado por:

- O alcalde-presidente ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.
- Un técnico/a municipal da Área de Benestar Social.
- Un representante do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Tres representantes elixidos entre as entidades que forman parte do Consello Sectorial Municipal de Benestar Social.
- Un membro de cada grupo político con representación municipal.
- Un membro de entidade gañadora do Premio Solidario do ano anterior
- Un secretario que recolla o acta da valoración do xurado

Todos os membros do xurado terán voz e voto e participarán en igualdade na deliberación e acordo da proposta gañadora, agás o/a secretario/a.

**ARTIGO 5.- Criterios de valoración**

Terán preferencia aqueles proxectos que conteñan os criterios que se relacionan a seguir e que serán valorados de 0 a 10, cada un deles:

- Interese xeral e específico do proxecto.
- Planeamento formal do proxecto: seguimento, control e avaliación final.
- Carácter innovador do proxecto.
- Favorecer a participación directa dos beneficiarios no proxecto facendo a poboación protagonista da acción promovida.
- Impulsar dinámicas que favorezan o autodesenvolvemento.
- Promover a igualdade de xénero.
- Respetto o medio ambiente.
- O proxecto terá relevancia no ámbito local e para colectivos con dificultades específicas en particular.

**ARTIGO 6.- Entrega do premio**

O fallo do concurso realizarase nun acto público. Nese acto terá lugar unha breve descrición do proxecto merecedor do premio.

Farase un recoñecemento público e expreso a cada unha das entidades participantes, como recoñecemento expreso ao seu esforzo e implicación en proxectos de tipo solidario.

Con posterioridade, designarase a fórmula adecuada para o efecto entre a persoa ou entidade gañadora e o Concello de Ferrol. Esta fórmula recollerá e establecerá as obrigas e dereitos de ambas as partes e, en todo caso, conterà os seguintes aspectos:

- Descrición do proxecto
- Importe do financiamento e modo de desembolso
- Prazos de execución e procedemento de seguimento e avaliación

**ARTIGO 7.- Difusión e publicidade**

En toda documentación, información, ou propaganda do proxecto subvencionado, deberase facer constar a colaboración do Concello de Ferrol xuntamente co seu logotipo.

Ferrol, 17 de novembro de 2016

Concelleira Delegada de Benestar social

Saínza Ruíz Ferreño.



## ANEXOS

## Modelo de solicitude

## 1. Datos da entidade/persoa física

Nome e apelidos:	CIF/NIF:
Domicilio:	
Teléfono:	FAX:
Correo electrónico:	

## 2. Datos do representante legal (entidades)

Nome e apelidos:	
Cargo na entidade	NIF:

**Expoño:** que coñezo e acepto as bases do “Premio Solidario Cidade de Ferrol”

Que propoño para a concesión do dito premio, o/s proxecto/s titulado/s .....  
e desenvolvidos por .....

**Solicito:** que sexa aceptada a súa proposta dentro da convocatoria do dito premio.

Ferrol, ..... de ..... de 2016

Asdo:

**Declaración responsable (entidades)**

D/D<sup>a</sup> ....., con NIF.....,  
en representación da entidade .....

**Declaro:**

- Que non estou incurso/a en causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.
- Que está ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Que está inscrita no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Ferrol co número.....
- Que en caso de recibir o premio, a subvención económica irá destinada na súa totalidade ao proxecto presentado.

Ferrol, .....de.....de 2016

Asdo:

**Declaración responsable (persoas físicas)**

D/D<sup>a</sup> ....., con NIF.....,

**Declaro:**

- Que non estou incurso/a en causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.
- Que está ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Que está empadroadada/o no Concello de Ferrol
- Que en caso de recibir o premio, a subvención económica irá destinada na súa totalidade ao proxecto presentado.

Ferrol, .....de.....de 2016

Asdo:

**IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO**

(en caso de presentar máis dun proxecto deberán cubrirse estes campos para cada un deles)

**1.- Información da entidade/persoa que presenta a proposta**

Elaboración dun relatorio descritivo sobre antecedentes e experiencia en proxectos similares. Traxectoria vital e curricular no caso das persoas físicas.

**2.- Datos do proxecto**

Título:
Descrición breve/Fundamentación:
Localización xeográfica/contextualización:
A quen vai destinado/beneficiarios:
Obxectivos xerais e específicos:
Actividades planificadas con indicación da temporalización, recursos* e metodoloxía:
<small>*Nos recursos humanos hai que especificar o número de persoas remuneradas e o número de persoas voluntarias, especificando a súa capacitación e funcións</small>
Sistema de seguimento e avaliación:
Calquera outro aspecto que se considere oportuno:

Achegarse a documentación xustificativa dos méritos alegados.

2016/9844